Atopándose *o Anteproxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia* en prazo para o envío de suxestións de acordo coa información dispoñible no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia,

EXPÓN UNHA SERIE DE SUXERENCIAS:

1. Na elaboración do Anteproxecto da lei non se contou (que nos conste) cun estudo da problemática do sector, xa que o que subscribe a presente, corresponsable dun equipamento museístico no eido da administración local (colección visitable) legalmente recoñecido mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, non recibiu ningún tipo de solicitude, aviso, comentario ou acto semellante no que analice e poña en coñecemento a situación dos equipamentos museográficos.

2. Na redacción do Anteproxecto de lei se recolle un artigo, concretamente o artigo 22 de Incompatibilidades para o persoal dos centros museísticos de titularidade pública. O citado artigo pode supor un conflito de orde competencial, entre o Estado e a CCAA, e tamén do menoscabo dos dereitos dos empregados públicos destinados a centros museísticos que non deixa de ser unha limitación da liberdade individual. Para os profesionais que traballamos no ámbito local é a única forma de promoción profesional dentro do noso ámbito, onde a carreira profesional está bloqueada, e unha segunda actividade pode facilitar o recoñecemento profesional e económico á vez que mellora o sector do patrimonio cultural, que se nutre da especialización derivada da experiencia e saber acumulado.

   En todo caso neste punto competencial suxírese a posibilidade de explicitar o número de traballadores (nomeadamente técnicos) e a categoría profesional mínima para ostentar a dirección ou administración dos museos e centros museísticos do ámbito local integrados no Sistema Galego de Centros Museísticos, tal e como se recolle para os centros dependentes da Administración autonómica, a lo menos para aqueles sustentados con fondos públicos. É coñecido que moito do persoal responsable destes centros non están recoñecidos como grupos superiores na escala profesional.

3. Moitos dos centros de interpretación que acollen exposicións de diversas temáticas están localizados no ámbito local, baixo titularidade e xestión municipal. A finalidade e obxectivos destes espazos son, en moitos casos, similares aos que teñen os Centros integrados no Sistema Galego de Centros Museísticos.

   Suxírese estudar a posibilidade de establecer fórmulas que directa ou indirectamente vaian na senda da colaboración cos diversos centros de referencia e que facilite o desenvolvemento do traballo, creando sinerxías de cooperación. Tamén, no caso de que interese se recolla a colaboración institucional de cara á elaboración dun plan museolóxico por si convén a integración no Sistema Galego de Centros Museísticos nalgunha das súas categorías.

4. De cara a achegar os obxectos, pezas e documentos históricos á cidadanía próxima a espazos de ámbito local, suxírese que se valoren fórmulas de cesión temporal a aqueles espazos que, sen estar legalmente incorporados no Sistema Galego de Centros Museísticos, teñan interese en estudar, expoñer e divulgar as pezas que teñen relación directa cos habitantes do lugar. Un exemplo podería ser o de aquelas pezas arqueolóxicas dun determinado lugar, que contando cun espazo museístico están en centros provinciais de referencia, en ocasións nin sequera expostos.

Miguel Ángel Vidal Lojo
Sala-Museo Municipal de Riveira
Rúa de Galicia, nº2.
Riveira
Tlf. 981.87.35.95
museo@riveira.com